

Onde viven os espectros

Teatro Manuel Lourenzo reescribe as consecuencias da ambición humana que simboliza Macbeth



Lady Macbeth approaching the murdered Duncan // William Blake

O dramaturgo vivo máis importante do teatro galego, o noso dobre Premio Nacional de Literatura (nacional español e nacional galego) entrega agora un novo capítulo da súa revisión da mitoloxía dramática universal, con este volume que gañou o Premio Álvaro Cunqueiro do ano pasado. En *Flores de Dunsinane*, Manuel Lourenzo volve a recorrer á revisitación dun texto clásico, neste caso o exemplo da ambición humana e das súas fatais consecuencias que é o *Macbeth* de Shakespeare.

Volta ás orixes dos clasicismos grego e barroco á que nos ten acostumados o do Valadouro, cuxa produción literaria está inzada de personaxes helénicos (Helena, Edipo, Electra) e elisabethianos (Hamlet, agora Macbeth), que recorda ao mestre Cunqueiro, nomeadamente ao seu *Incerto señor Don Hamlet*, cuxas páxinas de vento enchen tanto Elsinor como Mondoñedo; mais tamén a ese mestre da contemporaneidade que é Heiner Müller, responsable da estirpe xermanófila do noso dramaturgo, e gustoso asiduo das familias dramáticas.

Hai tanto en Cunqueiro como en Müller, alén do comentado, un gusto tal polo teatro que os condena a facer da metateatralidade un ingrediente indispensable das súas deli-

Flores de Dunsinane · Manuel Lourenzo · Xerais, 2010 · 48 páx · 12,50 euros



cias, fado ao que non é quen de fuxir Manuel Lourenzo. A acción destas *Flores de Dunsinane* ten como alicerce a fermosa hipótese de Macbeth e Lady Macbeth volveren de entre o esquezo da morte, mortos, para lle contar a Fleance, herdeiro lexítimo da coroa escocesa, todos os porqués daquela traizón pasada. E como non podía ser doutro xeito ao se tratar de espectros, os dous monarcas lembran a tristura e a inevitabilidade dos seus actos criminais representándollos a Fleance nunha fantasmagórica velada.

Todo este artellamento non é máis que unha escusa para seguirmos a pensar no teatro como a verdadeira realidade virtual que existiu e existirá sempre, apta para informar desde calquera esfera do tempo, sexa futura ou pasada. Esta idea dinamizadora serve, tamén e sobre todo, para que Lourenzo xogue ao que máis lle gusta, que é tecer coas palabras máis fermosas os tapices do teatro universal.

//Roi Vidal Ponte